



“Isto é poesía, un ruído provocado.  
Non ornamento, arabesco para as pontas dos dedos:  
inescarios encaixes para a alma dormir ou sentir  
a levedeza da onda cando apenas chega a romper.  
Provocación de boca con fame, isto.  
E a fame adormece ou reclama.  
Fronte á rutina, o rito da palabra tensa a pel  
do mundo: un tambor que desperta.  
A pel estremece-se  
porque reconece a morte que baila fóra da tumba.  
Isto é tamén unha muller que resiste.”

*En concreto* (2004)

# LUÍSA VILLALTA GÓMEZ

(A Coruña, 1957 – 2004)

Foi unha escritora, tradutora e violinista galega. Estudou Filoloxía Hispánica e Filoloxía Galego-Portuguesa na Universidade de Santiago de Compostela. Titulada superior en violín, formou parte da Xove Orquestra de Galicia e da Orquestra de Santiago de Compostela. Foi docente de ensino secundario e practicou diversos xéneros literarios: poesía, ensaio, narrativa e teatro. Destacou pola súa intensa actividade cultural e tamén por unha obra que combina a música e a palabra.


## GRANDES ÉXITOS



1991

*Música reservada* (1991) é unha obra que nace “dunha experiencia musical que busca o lume da palabra para entender o seu corpo”, con poemas que foxen do convencional e interpretan a música interior da autora.

*En concreto* (2004) é un poemario publicado postumamente, tras recibir o Premio Espiral Maior de Poesía ese mesmo ano, e que obtería tamén o recoñecemento do Premio da Crítica en 2005.



2004

Outras das súas obras son *Silencio, ensaiamos* (1991), *O Don Hamlet de Cunqueiro: unha ecuación teatral* (1992), *Ruído* (1995), *As certezas de Ofelia* (1999) e *Papagaio* (2006).

## LINGUA E LITERATURA

“Se o principio foi a palabra, antes dela foi o son e, despois, o entendimento e transmisión da súa melodía. Eis a Música, que brota como o río da existencia, e a Palabra, que interpreta o seu ritmo como unha danza ritual arredor do lume da intelixencia. Eis a Poesía, palabra melódica.”

*Música reservada* (1991)